



## **ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020-21**

A Admisión do alumnado neste Centro para o curso 2020-21 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### **1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN**

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.... (DOG 26/12/2012)

- Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos.... (DOG 15/03/2013).

- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos... (DOG 01/02/2017).

- Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O. U.

### **2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:**

<b>VACANTES PARA O CURSO 2020/21</b>			
<b>CURSO</b>	<b>VACANTES DISPOÑIBLES</b>	<b>ALUMNOS MATRICULADOS</b>	<b>RESERVA NEAE (1)</b>
<b>4º Educación Infantil</b>	22	0	3
<b>5º Educación Infantil</b>	0	25	0
<b>6º Educación Infantil</b>	1	24	0
<b>1º Educación Primaria</b>	0	25	0
<b>2º Educación Primaria</b>	0	26	0
<b>3º Educación Primaria</b>	0	26	0
<b>4º Educación Primaria</b>	2	23	0
<b>5º Educación Primaria</b>	2	23	0
<b>6º Educación Primaria</b>	20	30	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15)



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmurguia/>

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

R/ Feáns, s/n 15190 A CORUÑA

Tlfn: 881 960763 Fax: 881 960764

E-mail: [ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es](mailto:ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es)

### 3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES ELVIÑA.

### 4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao **modelo oficial** (Anexo II), a recoller en conserxería ou descargar no portal da Consellería de Educación :

*admisionalumnado*: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

Deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio **do 1 ao 23 de marzo (o horario de secretaría do centro pode consultarse na nosa páxina web:**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmurguia/?q=taxonomy/term/40>), acompañadas da copia do **DNI**, copia do **libro de familia** ou documentación acreditativa do requisito de idade do alumno/a.

No caso de optar a un **curso de Primaria**, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia.

En caso de **separación xudicial ou divorcio**, deberán presentar o convenio regulador ou resolución xudicial.

### 5.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación é do 23 de marzo ao 5 de abril. Porén, para facilitar trámites e evitar viaxes ao Centro, poderán achegala coa solicitude. Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade do alumno/a, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos (art. 17.1).

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.



## 6.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.
- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

## 7.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do Centro, **do 20 ao 29 de xuño (de 9:00 a 14:00)**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

## 8.- RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

- Profesorado Especialista en E. Infantil, E. Primaria, E. Física, Música e Inglés.
- Departamento de Orientación Escolar:
  - Orientadora (compartida con outro centro. Está dispoñible dous días a semana)
  - Profesorado especialista en Audición e Linguaxe (mesmas condicións que a orientadora).
  - 2 mestres de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de PT e AL.
- Aula de Música.
- Aula con dotación TICs.
- Equipamento de ordenadores portátiles transportable para as aulas.
- Biblioteca.
- Pista polideportiva.
- Ximnasio.
- Comedor escolar.
- Patios exteriores de E. Infantil e Primaria.



## 9.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

### 9.1.- Transporte escolar (pode sufrir modificación de cara ao vindeiro curso en función das variacións de matrícula a causa da apertura do CEIP Novo Mesoiro)

Existen dúas rutas de transporte escolar para o alumnado (unha delas desdoblada):

BÚS 1	
ENTRADA	SAÍDA
As Rañas	Banco Santander
Mesoiro Vello	CaixaBank
Banco Santander	Ribeira Sacra 1ª Parada
Fragas do Eume	Ribeira Sacra 2ª Parada
Breogán 1ª parada	Fragas do Eume
Breogán 2ª parada	As rañas

BÚS 2	
ENTRADA	SAÍDA
CaixaBank	Breogán 1ª Parada
Ribeira Sacra 1ª Parada	Breogán 2ª Parada
Ribeira Sacra 2ª Parada	Banco Santander
	Ribeira Sacra 1ª Parada

BÚS 2 DESDOBRE	
Banco Santander	

**Non teñen dereito a este servizo os alumnos que, estando domiciliados nas áreas de influencia doutros centros, decidan solicitar praza neste.** (Art. 6. Orde de 12 de marzo de 2013).

**Só ten dereito a este servizo o alumnado domiciliado a máis de 2 Km. do Centro, pero dentro da zona de influencia do mesmo.** A Xefatura Territorial poderá conceder, previa solicitude, autorización excepcional para alumnado

domiciliado a unha distancia do Centro inferior a 2 Km. e superior a 1 Km., sempre que: existan prazas vacantes, non comporte a modificación das rutas, non supoña a creación de novas paradas, non incremente a duración do traxecto e non precise incorporación de acompañante. Estas autorizacións concederanse en precario e serán revogables. (Punto 3. Instrución 3/2012)

Lexislación aplicable:

- **Orde do 12 de marzo de 2013**, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos... (DOG 15/03/2013).

- **Real Decreto 443/2001**, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. (BOE, 02/05/2001).

- **Decreto 65/2014** de 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, de 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

- **INSTRUCCIÓN 4/2019** da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no Curso escolar 2019-2020.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmurguia/>

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

R/ Feáns, s/n 15190 A CORUÑA

Tlfno: 881 960763 Fax: 881 960764

E-mail: [ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es](mailto:ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es)

### 9.2.- Comedor Escolar.

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro

Web da ANPA: <http://www.aslavandeiras.es/>

e-mail da ANPA: [presidenta@aslavandeiras.es](mailto:presidenta@aslavandeiras.es)

- Lexislación aplicable:

. **Decreto 10/2007**, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 06/02/2007).

. **Orde do 21 de febreiro de 2007**, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 05/03/07).

### 9.3.- Madrugadores (7:30 - 9:00h).

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro:

Web da ANPA: <http://www.aslavandeiras.es/>

e-mail da ANPA: [presidenta@aslavandeiras.es](mailto:presidenta@aslavandeiras.es)

### 9.4.- Outras actividades extraescolares

A ANPA informará durante o mes de setembro sobre outras actividades que se poidan organizar.

A modo de exemplo pódense consultar na súa páxina as establecidas para o presente curso:

<http://www.aslavandeiras.es/actividades/actividadescurso2019-20>

## **INFORMACIÓN IMPORTANTE**

**A solicitude será única e vinculante**, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de **ambos proxenitores**, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmurguia/>

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

R/ Feáns, s/n 15190 A CORUÑA

Tlfn: 881 960763 Fax: 881 960764

E-mail: [ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es](mailto:ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es)

### **Darán lugar á perda do dereito de prioridade:**

- . A presentación da solicitude fóra de prazo.
- . A presentación de máis dunha solicitude.
- . A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- . As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- . As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

As familias poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes a través da aplicación: *admissionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado>), utilizando o código de solicitude e o nº do DNI da persoa solicitante (Art. 13.3).